



CORRELINGUA 2019

O galego é a fórmula

BASES PARA O CONCURSO DE VÍDEO

1. Este concurso divídese en dúas categorías:

1.1 Categoría de educación infantil e primaria: pode participar dentro dela alumnado que estea a cursar educación infantil e primaria en calquera centro de Galiza, que conte coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores). A participación será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).

1.2 Categoría de educación secundaria obrigatoria e bacharelato: pode participar dentro dela alumnado que estea a cursar educación secundaria e bacharelato en calquera centro de Galiza e que non supere os 20 anos de idade, que conte coa debida autorización dos seus responsábeis legais (pais, nais ou titores) no caso de menores de idade. A participación será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente UNHA aula completa (como máximo 25 alumnas e alumnos).

2. O vídeo deberá estar de acordo cos **OBXECTIVOS xenéricos do Correlingua, que son:**

- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.
- Sensibilizar a sociedade, a través da poboación xuvenil, da importancia da defensa da lingua galega.
- Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e interdisciplinares.
- Contribuír a manter vivo o maior patrimonio creado polas galegas e os galegos e implicar as xeracións máis novas no cumprimento deste obxectivo.

3. A extensión do vídeo será dun máximo de 3 minutos e deberá desenvolver total ou parcialmente a idea do lema da edición 2019: **o galego é a fórmula, inspirado na necesidade de que o galego estea presente en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.**

4. As e os participantes deberán formalizar a inscrición a través do formulario activo na páxina web: <http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-no-video/> antes do día 1 de febreiro de 2019 e enviar as súas gravacións antes do 15 de marzo de 2019 en calquera soporte dixital ben, ao enderezo electrónico correlingua@gmail.com, ben ao enderezo:

CORRELINGUA

AVENIDA DE LUGO 2A- Entresollado A

15702, Santiago de Compostela

No envío indícase o **pseudónimo do grupo**, e nun documento anexo deberán facilitarse os seguintes datos:

- centro escolar e curso ao que pertencen
- teléfono de contacto.
- autorización de pais, nais ou titores ou certificación conforme o centro escolar posúe estas autorizacións.

Dentro do vídeo non poderá aparecer o nome do centro, curso ou calquera outro identificador. Co fin de garantir a imparcialidade, só se incluírá dentro do vídeo, se así se quixer, o pseudónimo do grupo.

5. O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. A decisión do xurado será inapelábel.

6. Haberá un premio consistente nunha viaxe para cada categoría. Ademais, farase entrega dun diploma acreditativo para os grupos gañadores que serán entregados nun acto público.

7. Os traballos gañadores (un da categoría infantil-primaria e outro da categoría secundaria-bacharelato) serán proxectados no acto de presentación do Correlingua 2019.

8. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web e redes sociais do Correlingua.

9. Os vídeos presentados NON poderán facerse públicos antes de que os publicite a organización do Correlingua.

10. Os traballos entregados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua, así como nas redes sociais como Facebook, Twitter ou Instagram. Para estes efectos as e os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.

11. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

Correlingua

www.correlingua.gal

Facebook, Instagram: Correlingua

Avenida de Lugo 2A, entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557